

XENTE DE AQUÍ

COMARCA

Sogama convida a todos os galegos a buscar a mellor foto ambiental do verán

Sogama lanzou unha campaña para instar aos cidadáns de Galicia maiores de idade a compartir a súa mellor foto ambiental do verán 2014. Deben ser imaxes que contribúan a xerar conciencia sobre a necesidade de protexer e conservar o patrimonio natural.

Entre os autores das imaxes achegadas, sortearase un curso de kitesurf para dúas persoas en Barreiros (Lugo). Cada participante poderá enviar unha única imaxe, que debe dirixirse, en formato dixital, ao enderezo electrónico cmc@sogama.es entre o 1 e o 30 de setembro de 2014. Descartan as fotos enviadas fóra dese prazo.

Sogama publicará as imaxes na web e nas redes sociais. As fotos deben ir acompañadas cos datos de autoría, unha pequena descrición, e a identificación do lugar, municipio e provincia á que pertence. Os participantes poden escoller a temática, ben sexan paraxes naturais ou aspectos concretos. Bases íntegras en sogama.es

ORDES

Ofrecen unha charla sobre hábitos contra a fibromialxia, artrose, osteoporose e depresión



Charla nos baixos da Alameda

A presidenta da Asociación Galega de Fibromialxia (AGAFI), Dolores Bermúdez, e os doutores Xosé Manuel Fernández e Manuel do Muíño protagonizaron en Ordes unha charla sobre hábitos saudables na fibromialxia, a artrose, a osteoporose e a depresión.

A iniciativa, que contou coa colaboración do Concello, acadou unha considerable asistencia de público. O encontro abordou diversos aspectos relacionados coa natureza e síntomas destas enfermidades, así como os tratamentos máis novidosos e efectivos que se aplican na actualidade fronte a elas.

OROSO Acto de recoñecemento ao ex membro da guerrilla antifranquista 'Quico'

"Antes luchaba con las armas, ahora lucho con la palabra"

O ex integrante da guerrilla antifranquista Francisco Martínez López, coñecido como 'Quico', recibiu un recoñecemento en Oroso pola súa contribución á loita pola liberdade durante a ditadura. De mans do alcalde, Manuel Mirás, recibiu como agasallo a bandeira que simboliza a IV Agrupación do Exército Guerrilleiro de Galicia, que operou sobre todo nas zonas de Ordes, Mesía, Frades e Curtis.

Ademais, a asociación cultural 'Obradoiro da Historia' de Ordes efectuoulle a 'Quico' un recoñecemento pola súa contribución á recuperación da memoria histórica. O combatente antifranquista sintetiza esta causa nun lema: "antes luchaba con las armas, ahora lucho con la palabra".

O recoñecemento tivo lugar no contexto dunha xornada do V Seminario Sobre a Memoria, organizado por Nova Escola Galega e dirixido a profesorado de secundaria. A actividade desenvólta en Sigüeiro incluíu unha ponencia do historiador Manuel Pazos, o testemuño de descendentes de persoas represaliadas polo



Francisco Martínez López recibiu a bandeira da IV Agrupación de mans de Mirás

franquismo, e unha intervención de 'Quico', o único ex guerrilleiro que queda vivo en Galicia, xunto con Camilo de Dios, que está enfermo.

Martínez López, de 89 anos, naceu en Cabañas Raras, no Bierzo (León). Traballou como mineiro e como axudante de laboratorio ata incorporarse

á guerrilla en setembro de 1947. Batallou con Marcelino Fernández 'O Gafas' ou con Manuel Girón. Conseguiu fuxir a Francia en 1951. Alí continuou na actividade antifranquista. Retornou en 1977, desde cando loita polo recoñecemento histórico e moral dos guerrilleiros.

CERCEDA

Cerceda recibe a visita dos seus irmáns franceses de Escalquens



Unha representante de Escalquens (dta.), coas concelleiras cercedenses

Medio cento de representantes da localidade francesa de Escalquens, coa que está irmandada Cerceda, visitaron o municipio da comarca ordense durante unha semana.

Os visitantes foron recibidos de forma oficial no Concello. Acompañados pola primeira tenente de

alcalde, Begoña Rodríguez Rumbo, e pola concelleira María Viqueira Iglesias, visitaron o lago, o museo da mineiría de Meirama, o parque acuático, o paseo do río Cabancos, a Aula da Natureza e o polígono industrial. A viaxe levounos tamén a Santiago, as Rías Baixas e a Costa da Morte.

ORDES

Unha cea culmina os cursos municipais de cociña impartidos por Manuel Iglesias Vieites



Os cursos sumaron corenta alumnos

Os cursos de cociña organizados polo Concello de Ordes nesta tempada remataron cunha cea, con pratos preparados polos preto de corenta alumnos participantes durante estes meses nas clases impartidas polo mestre Manuel Iglesias Vieites.

Sobre a mesa, entre outras propostas, houbo arroz negro con sepia, rape ao cava, rabo de touro, calabacín recheo, merluza ao forno, mexillóns con garabanzos ao forno e en escabeche, lasaña, rosquiñas de anís ou tarta da avoa.

A variedade de receitas dá idea do nivel de coñecementos adquiridos nas clases polo alumnado.